

**GUÍA DE ESTUDIO PARA PROBA DE SETEMBRO. MÚSICA DE 3º ESO**

- 1) **Unidades 1, 2, 3 e 4 do libro.** A música da Antigüidade Clásica (Roma e Grecia), A música medieval, O Renacemento musical e o Barroco.
- 2) O material explicado na clase e do cal vós debestes tomar algúns apuntes:
  - a- **A textura: concepto e tipos de textura. Texturas características dos periodos indicados no punto 1**
  - b- **Repercusións da invención da imprenta no mundo da música**
  - c- **Fichas do Barroco: a orquestra, aportacións-características do barroco**
  - d- **Nomenclatura das notas con letras: A, B, C, D, E, F, G.**
  - f- **Os acordes de tríada en Estado Fundamental: maiores, menores, aumentados e diminuídos**
- 3) **Libro lectura:** “El asesinato del profesor de música”
- 4) **Lectura de claves:** Clave de Fa en 4ª liña e clave de sol. Ambas as dúas con liñas adicionais. <http://www.teoria.com>
- 5) Repaso de **linguaxe musical:** entrar na páxina web do instituto <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmarcocamballon> e dende aí acceder á Aula Virtual-Música-Curso Evaluación 3 (entrar como convidado). Podes repasar os contidos de linguaxe musical na páxina web [www.teoria.com](http://www.teoria.com) (entra no apartado “Aprendizaje” <http://www.teoria.com/aprendizaje/lectura/index.php> e dende aí veí avanzando picando nas frechas da parte superior dereita).
- 6) Repasa as fichas traballadas durante o curso. Repasa todo o que teña que ver sobre os **compases** (binarios, ternarios, cuaternarios; tipos de subdivisión -compases simples e compostos; saber encher con figuras compases incompletos, saber poñer barras de compás, etc), sobre os **signos de prolongación**, sobre as figuras e as súas equivalencias, sobre as **claves** e sobre calquera signo que poida aparecer nunha partitura (**signos de dinámica**, de **tempo**, etc) e que traballamos en clase. Algúns deles aparecen no libro explicados ao longo das unidades vistas.
- 7) **As Escalas Musicais: as escalas maiores e as escalas menores (naturais e harmónicas). Organización de tons e semitóns.**
- 8) **As Síncopas e as Notas a Contratempo**
- 9) **Os intervalos: saber que notas forman un intervalo dado.** Por exemplo: Que notas forman o intervalo de 3ª ascendente con dous tons e medio? Esta pregunta tería varias respostas correctas, entre elas, Do-Mi#
- 10) **Ditados Rítmicos: brancas, negras, corcheas e semicorcheas. Con silencios de negra e de corchea (Notas a contratempo e síncopas). Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.** Podes practicar estes ditados nas seguintes páxinas webs: <http://www.teoria.com/ejercicios/ritmo.php> ou en [http://highereducation.mcgraw-hill.com/sites/dl/free/007313774x/353878/Activity2\\_2.swf](http://highereducation.mcgraw-hill.com/sites/dl/free/007313774x/353878/Activity2_2.swf)
- 11) **Os Acordes:** As Tríadas (Aumentadas, Maiores, Menores e Diminuídas. As tríadas en Estado Fundamental. En [www.teoria.com](http://www.teoria.com) tamén podes practicar e estudar as **escalas** e os **acordes** Vei ao apartado “Ejercicios” de aí a “Destrezas teóricas e de lectura” e de aí xa ao apartado “Escalas” (tanto “construcción” como “identificación”, e configura o exercicio coas escalas maiores e menores)
- 12) Ten que saber ben os distintos tipos de **texturas** que existen e que traballamos ao longo do curso. Para repasar isto podes acceder á páxina web do instituto. Entra en Departamentos na marxe inferior dereita, pica despois en Música, volta a picar en Departamentos para que che saia 3º ESO nesa marxe dereita e logo pica nese enlace de 3º ESO. No primeiro enlace que aparece poderás acceder a explicacións e exercicios sobre as texturas.
- 13) Non te esquezas de estudar todos os contidos traballados durante o curso que deberías ter recollidos na túa libreta e nas fichas que se vos pasaron fotocopiadas

## ONDE PRACTICAR OS CONTIDOS DE LINGUAXE MUSICAL?

**Os Contidos prácticos podes traballalos e repasalos descargando no teu PC o programa Lenmus (Software libre) na páxina <http://www.lenmus.org>** Tamén podes repasar estes contidos na páxina web <http://www.teoria.com>

Para practicar estes contidos (intervalos, ditados, escalas, acordes...) tes que baixar o programa "Lenmus" da dirección web: <http://www.lenmus.org> Unha vez que instales o programa no teu ordenador xa non necesitas conexión a internet. Vei a opción "Abrir eMusic Books" e despois a "Ejercicios Generales", onde poderás repasar os acordes (Ejercicios generales, puntos 3.4 e 3.5 Selecciona as opcións en "Opciones del ejercicio": tríadas perfecta maior, perfecta menor, aumentada e diminuída, que foron as catro que traballamos nós. Fai o mesmo coas escalas: selecciona a Maior Natural, as menores (natural, harmónica e melódica). No punto 3.1 tes para repasar as armaduras. En Lectura Rítmica Nivel 1 tedes un repaso básico da linguaxe musical que vos pode axudar moito a repasar e aclarar dúbidas. Tamén deberíades ler e traballar o punto Teoría e Harmonía (panel esquerdo abaixo de todo), porque vos servirá de moita axuda.

Unha páxina Web (aquí xa necesitas estar conectados á rede) moi boa onde podes repasar e practicar moitos contidos de linguaxe musical é en <http://www.teoria.com> Aquí podes repasar os intervalos, facer ditados rítmicos, acordes, escalas, lectura de notas, etc..

## PARTES ÁS QUE SE TEN QUE PRESENTAR O ALUMNADO:

1. **Diego Asorey, Margarita Rey, Rubén López e Aarón Senande**: terán que preparar toda a materia arriba sinalada. Na parte de frauta terán que tocar no exame dúas pezas a escoller unha de cada un dos seguintes dous bloques:
  - I. Bloque I:
    - ➔ Haendel (libro páx 78),
    - ➔ Canción de Cuna (Wiegenlied). Tedes que ter a partitura fotocopiada
  - II. Bloque II:
    - ➔ Son do ar (partitura fotocopiada)
    - ➔ Cantiga de Sta. María "Sta. María Strela do día" (partitura fotocopiada)

**Notas importantes:**

1. Para poder facer media tedes que sacar un mínimo de 3 en cada unha das dúas partes
2. O exame de setembro é o día 4 luns ás 16:20 na Aula de Informática 309.